

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Prohibición cautelar.*

Ata que se dispoña de estudos que permitan asegurar a ausencia de risco polo seu consumo, prohibese cautelarmente a comercialización de calquera presentación do *Tricholoma equestre* en todo o territorio nacional, así como a súa importación.

Artigo 2. *Especies afectadas.*

Para os efectos desta orde, consideraranse como unha soa especie as seguintes: *Tricholoma equestre*, *Tricholoma auratum* e *Tricholoma flavovirens*.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución española, polo que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de sanidade exterior e bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 23 de outubro de 2006.–A ministra de Sanidade e Consumo, Elena Salgado Méndez.

XEFATURA DO ESTADO

18869 *LEI 33/2006, do 30 de outubro, sobre igualdade do home e a muller na orde de sucesión dos títulos nobiliarios.* («BOE» 260, do 31-10-2006.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente a posesión dun título nobiliario non outorga ningún estatuto de privilexio, ao se tratar dunha distinción meramente honorífica cuxo contido se esgota no dereito a usalo e a protexelo fronte a terceiros.

Na concesión de dignidades nobiliarias de carácter perpetuo, á súa natureza honorífica hai que lle engadir a finalidade de manter vivo o recordo histórico ao cal se debe o seu outorgamento, razón pola cal a sucesión no título queda vinculada ás persoas que pertencen á liñaxe do beneficiario da mercé. Este valor puramente simbólico é o que xustifica que os títulos nobiliarios perpetuos subsistan na actual sociedade democrática, rexida polo principio de igualdade de todos os cidadáns ante a lei.

Non obstante, as normas que regulan a sucesión nos títulos nobiliarios proceden da época histórica en que a nobreza titulada se consolidou como un estamento social privilexiado, e conteñen regras como o principio de masculinidade ou preferencia do home, sen dúbida axustadas aos valores do antigo réxime, pero incompatibles coa sociedade actual na cal as mulleres participan plenamente na vida política, económica, cultural e social.

Esta plena igualdade do home e a muller en todas as esferas xurídicas e sociais recoñécese na Convención

para a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller, adoptada en Nova York o 18 de decembro de 1979, e ratificada por España en 1984.

O principio de plena igualdade entre homes e mulleres débese proxectar tamén sobre as funcións meramente representativas e simbólicas, cando estas son recoñecidas e amparadas polas leis. Os sucesivos posuidores dun título de nobreza perpetuo limitáanse a manter vivo o recordo dun momento do noso pasado histórico. É xusto que esta lei recoñeza que as mulleres teñen o mesmo dereito que os homes a realizar esta función de representar simbolicamente aquel dos seus antepasados que, polos seus méritos excepcionais, mereceu ser agraciado polo rei.

Artigo 1.

O home e a muller teñen igual dereito a suceder nas Grandezas de España e títulos nobiliarios, sen que se poidan preferir as persoas por razón do seu sexo na orde regular de chamamentos.

Artigo 2.

Deixarán de producir efectos xurídicos aquelas previsións da Real Carta de concesión do título que exclúan a muller dos chamamentos ou que prefiran o home en igualdade de liña e de grao ou só de grao en ausencia de preferencia de liña ou que contradigan de calquera modo o igual dereito a suceder do home e da muller.

Nestes supostos, os xuíces e tribunais integrarán a orde sucesoria propia do título aplicando a orde regular de suceder nas mercés nobiliarias, na cal, conforme o previsto polo artigo anterior, non se prefiren as persoas por razón do seu sexo.

Disposición transitoria única.

Na aplicación desta lei aos títulos nobiliarios concedidos antes da súa vixencia observaranse as seguintes normas:

1. As transmisións do título xa acaecidas non se reputarán inválidas polo feito de se realizaren ao abeiro da lexislación anterior.

2. Se se pretendese a rehabilitación dun título nobiliario vacante, reputaranse válidas as transmisións realizadas conforme a lexislación anterior ata o seu último posuidor legal, con respecto do cal, e observando as previsións desta lei, deberá acreditar a relación de parentesco quen solicite a rehabilitación.

3. Malia o previsto polo punto 1 desta disposición transitoria, esta lei aplicaráselles a todos os expedientes relativos a Grandezas de España e títulos nobiliarios que o día 27 de xullo de 2005 estivesen pendentes de resolución administrativa ou xurisdiccional, tanto na instancia como en vía de recurso, así como aos expedientes que se promovesen a partir daquela data, na cal se presentou a orixinal propoñición de lei no Congreso dos Deputados. A autoridade administrativa ou xurisdiccional ante quen penda o expediente ou o proceso concederalles de oficio trámite ás partes que compareceron co fin de alegaren o que ao seu dereito conveña de conformidade coa nova lei no prazo común de cinco días.

4. Quedan exceptuados do previsto no punto anterior aqueles expedientes en que recaese sentenza firme no momento da entrada en vigor desta lei.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira.

Habilítase o Goberno para desenvolver, por proposta do ministro de Xustiza, o previsto nesta lei.

Disposición derradeira segunda.

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa completa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 30 de outubro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

18870 LEI 34/2006, do 30 de outubro, sobre o acceso ás profesións de avogado e procurador dos tribunais. («BOE» 260, do 31-10-2006.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A regulación do réxime de acceso á profesión de avogado en España é unha exixencia derivada dos artigos 17.3 e 24 da Constitución: estes profesionais son colaboradores fundamentais na impartición de xustiza, e a calidade do servizo que prestan redonda directamente na tutela xudicial efectiva que a nosa Constitución lle garante á cidadanía.

Esta lei constitúe, polo tanto, complemento do disposto para efecto na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, que consagran a función dos avogados, aos cales reserva a dirección e defensa das partes, de modo que a estes lles corresponde garantir a asistencia letrada ao cidadán no proceso, de forma obrigatoria cando así o exixa a norma procesual e, en todo caso, como dereito á defensa expresamente recoñecido pola Constitución. A asistencia do avogado, conforme o concepto amplo de tutela a que se debe aspirar, comprende tamén as actuacións profesionais tendentes a evitar o proceso mediante fórmulas preventivas e compostivas así como, en xeral, o asesoramento en dereito.

Tamén o procurador, ao cal a LOPX lle outorga a representación das partes cando así o establece a norma procesual, garante a asistencia xurídica; é daquela imprescindible prever tamén os requisitos necesarios para o acceso a esta profesión, en liña coa tradición que xa existiu en España.

A experiencia do dereito comparado mostra que a actuación ante os tribunais de xustiza e as demais actividades de asistencia xurídica requiren a acreditación previa dunha capacitación profesional que vai máis alá da obtención dunha titulación universitaria. Iso xustifica a regulación de dous títulos profesionais complementarios ao título universitario en dereito: o título profesional de

avogado, exixible para prestar asistencia xurídica utilizando a denominación de avogado; e o título profesional de procurador, exixible para actuar ante os tribunais en calidade de tal.

Ademais, nunha Europa que camiña cara a unha maior integración faise imprescindible a homologación destas profesións xurídicas, para garantir a fluidez na circulación e o establecemento de profesionais, un dos piares do mercado único que constitúe base esencial da Unión Europea.

II

Débese recordar que a necesaria capacitación profesional destes colaboradores no exercicio da tutela xudicial efectiva foi unha reivindicación constante dos representantes das profesións. Todos os congresos da avogacía española, de xeito significativo o de León de 1970, o de Palma de Mallorca de 1989, o da Coruña de 1995, o de Sevilla de 1999 e o de Salamanca de 2003, e as reunións das xuntas de goberno dos colexios de avogados desde Santander en 1994, Girona en 1997, Valencia en 2001 e Santa Cruz de Tenerife en 2005, expresando o sentir unánime da avogacía española, reivindicaron a garantía dunha formación inicial igual para todos os profesionais da avogacía. En particular, no VI Congreso da Avogacía Española destacou a importancia fundamental da formación profesional práctica e a necesaria homoxeneidade na avaliación de tal capacitación para equipararse aos profesionais da Unión Europea, instando a regulación da materia por parte dos poderes públicos. Tamén as II Xornadas das Xuntas de Goberno dos Colexios de Avogados de 1997 aproveitaron a entrada en vigor da regulación sobre asistencia xurídica gratuíta para insistir nesta cuestión, e deron un paso máis co establecemento do certificado de aptitude profesional, que, aínda que voluntario, é exixido polos colexios para a inclusión do profesional na quenda de oficio.

A procuración tamén insistiu na materia. No seu X Congreso Nacional do ano 2000 sinalouse que se debe regular «o acceso ao exercicio da profesión de procurador homologándoa ao resto dos países da Unión Europea, sen prexuízo da función específica de cada profesión», o que se reiterou, como exemplo, no VII Congreso Internacional do Comité de Postulantes de Xustiza Europeos, que tivo lugar en Mallorca no ano 2004.

Outros operadores xurídicos mostráronse sensibles á cuestión. O propio libro branco da xustiza, presentado polo Consello Xeral do Poder Xudicial en 1997, reclamou a capacitación práctica destes profesionais. Así mesmo, as conclusións da X Conferencia de decanos e decanas das facultades de dereito das universidades españolas, reunidos en Vigo o día 28 de xuño de 2004, sinalaron «a asunción da necesidade e urxencia de regular o acceso ás profesións de avogado e de procurador», engadindo que o modelo debía recoller «esencial e principalmente a superación de cursos de contido práctico que deberán programar, organizar e impartir conxuntamente as facultades de dereito e os colexios de avogados» facendo referencia complementaria á posibilidade dunha proba obxectiva final.

E, de modo moi significativo, o Pacto de Estado sobre a Xustiza do ano 2001 referiuse tamén á cuestión no seu punto 20, prevendo «fórmulas homologadas cos países membros da Unión Europea para garantir a preparación para o exercicio da profesión».

III

O texto subliña a importancia da formación práctica dos profesionais, de modo que quede garantida de forma obxectiva a súa capacidade para prestar a asistencia xurídica constitucionalmente prevista.